



CÍRCULO DE SILENCIO

Rede Social Galicia Sur

#CírculosDeSilencioVigo

4 de maio

Benqueridas compañeiras e compañeiros:

Vimos de celebrar un 1º de maio difícil, marcado pola desunión sindical e certa apatía xeneralizada, nun contexto de crise económica e eco-social que está levando a unha precarización crecente do marco laboral.

Esa precarización está a provocar algo insólito nas últimas décadas: a pobreza como fenómeno cada vez máis común nas clases traballadoras. O que antes era máis excepcional agora comeza a ser o noso pan de cada día: ter un emprego é con demasiada frecuencia unha garantía para malvivir, para acostumarse a unha supervivencia abafante marcada pola pobreza e o risco de exclusión social. A situación é particularmente grave nas familias monoparentais, nas que a muller adoita ser a responsable dos ingresos do fogar, así como na xente máis nova, que ten que enlazar empregos temporais moi mal remunerados en condicións con frecuencia indignas.

Neste contexto, a economía sumerxida fortalécese coa explotación da forza de traballo das persoas migrantes non regularizadas, que dende o ámbito dos coidados e os sectores primarios garanten a cohesión social e facilitan a vida de moita xente sen o recoñecemento social e legal que sería de desexar. Non podemos calar ante esta situación inxusta, que non asume e non integra a aportación innegable deste colectivo, vítima dunha dobre discriminación, pola súa orixe migrante e polo seu empobrecemento. Por iso, esiximos unha vez máis, como temos feito moitas veces ao longo os últimos meses mediante a recollida de sinaturas para unha ILP que se presentará próximamente no Congreso, a regularización extraordinaria das persoas migrantes.

Por último, parécenos obrigado apelar á solidariedade coas persoas maiores, organizadas dende o Movemento Galego en Defensa das Pensións e os Servizos Públicos (MODEPEN) para reivindicar os seus dereitos, que tamén son os nosos, ante as ameazas constantes ao actual sistema público de pensións. Levamos anos escoitando voces que falan da insostenibilidade do sistema e que abogan por potenciar os plans de pensións privados. Non parece de recibo que precisamente os fondos de inversión alimentados con eses plans de pensións privadas sexan hoxe en día os que cada vez aglutinan máis poder para intervir na economía global buscando beneficios a costa de calquera escrúpulo moral. Pois ben, non debemos esquecer que as pensións non son prebendas, son dereitos gañados a costa de moitos sacrificios históricos, tanto colectivos como persoais; son, en definitiva, consecuencia da necesaria solidariedade interxeneracional e expresión social daquela obriga de coidar aos nosos maiores que nos esixen os máis elementais principios éticos, aos que non estamos dispostos, dispostas, a renunciar.

Fronte a situación actual de precariedade xeneralizada, esiximos traballos dignos, decentes, que faciliten o sostén da vida común, que garantan o coidado do medioambiente, que contribúan ao

desenvolvemento de sociedades cohesionadas e integren a todas as persoas, con independencia da súa orixe e situación administrativa. Non nos conformaremos con menos.

Rematamos, coma sempre, convidándovos a participar no próximo círculo de silencio, que terá lugar o día 1 de xuño.

Grazas a todas por asistir!